



INSTRUCCIÓN PARA AS ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO BENEFICIARIAS DAS AXUDAS DOS PROGRAMAS DE COOPERACIÓN 2026, SOBRE O PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN DAS PERSOAS A CONTRATAR.

Procedemento TR352A

Á vista do artigo 16 da ORDE do 7 de xullo de 2026, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades sen ánimo de lucro e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 (código de procedemento TR352A), publicada no [DOG nº 136 do 22 de xullo de 2026](#), e co fin de **unificar os criterios interpretativos e, en definitiva, de facilitar e axilizar a xestión do procedemento de selección** para as entidades beneficiarias das axudas, no uso das facultades atribuídas na disposición derradeira primeira da antedita orde, dítase a seguinte

INSTRUCCIÓN:

Prégase ás entidades beneficiarias a lectura detida desta instrución antes de efectuar o procedemento de selección. Para resolver as eventuais dúbidas que puideran xurdir, poderán empregar os seguintes medios:

-Teléfonos de contacto:

981545604
981544714
981544612
881958628
981957739
981957737

Primeiro.- Requisitos das persoas a seleccionar

As persoas traballadoras que sexan contratadas para a realización dos servizos polos que se outorgue a subvención deberán cumprir os seguintes requisitos (artigo 16):

1. Estar desempregadas e inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupadas, así como dispoñibles para o emprego.
2. Poderán ser contratadas as persoas traballadoras con contrato por tempo indefinido fixo-descontinuo, inscritas como demandantes de emprego en calquera oficina de emprego de Galicia, sempre que a súa contratación resulte posible en



función da duración do contrato subvencionado e do contrato fixo-descontinuo que teñan subscrito, así como da duración do período de non actividade.

3. As persoas que estean realizando prácticas formativas, tanto remuneradas como non remuneradas, deben estar obrigatoriamente de alta na Seguridade Social, a fin de garantir a correspondente cobertura social. Non obstante, trátase dunha situación de alta asimilada, xa que a relación existente deriva dun convenio ou acordo formativo, non dun contrato de traballo. En consecuencia, a realización das prácticas non altera a situación de desemprego, ao considerarse un período de formación e non unha actividade laboral. Por este motivo, as persoas participantes manteñen a condición de desempregadas durante todo o período de prácticas.

4. Non ter sido contratadas, en calquera entidade, por un período igual ou superior a cento oitenta días, con cargo ás axudas concedidas polas ordes da Consellería de Emprego e Igualdade e a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración que a continuación se relacionan:

Orde do 31 de xullo de 2023 (DOG nº 152, do 10 de agosto: TR352A 2023).

Orde do 30 de xullo de 2024 (DOG nº 155, do 12 de agosto: TR352A 2024).

Orde do 4 de agosto de 2025 (DOG nº 157, do 19 de agosto: TR352A 2025).

5. Tampouco poderán ser contratadas con cargo a esta Orde as persoas cónxuxes, ascendentes, descendentes e demais parentes, por consanguinidade ou afinidade, ata o segundo grao inclusive, das persoas que exercen funcións directivas na entidade.

Todos estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de traballo (cláusulas específicas de contratos vinculados a programas de políticas activas de emprego).

Cómpre ter en conta que, de acordo co mesmo artigo, **será a entidade beneficiaria da subvención a responsable de comprobar que as persoas seleccionadas cumpren os anteriores requisitos**, sen prexuízo dos controis que a posteriori efectúe o órgano xestor das axudas.

Segundo.- Procedemento de selección.

Existen dous procedementos de selección, polo que as entidades beneficiarias, a partir do momento de notificación da resolución de concesión **poderán empregar, individual ou simultaneamente, calquera das dúas seguintes modalidades de selección (artigo 17):**



A. Selección a través de oferta de emprego específica presentada na oficina correspondente do Servizo Público de Emprego de Galicia, segundo os modelos normalizados para o efecto, e farán referencia aos requisitos e características que deben reunir as persoas traballadoras que se contratarán para o adecuado desempeño das funcións inherentes aos postos de traballo ofertados.

B. Selección directa pola entidade beneficiaria, logo de publicación da listaxe de entidades beneficiarias por parte do órgano xestor das axudas no Portal de Emprego de Galicia (<https://emprego.xunta.gal/portal/gl>).

A. Selección a través de oferta de emprego específica nunha oficina do Servizo Público de Emprego de Galicia:

Para a primeira das modalidades, a entidade beneficiaria poderá solicitar a selección a través da oficina de emprego correspondente ao enderezo do centro de traballo do posto ofertado.

Cando unha entidade dispoña de centros de traballo que se correspondan co ámbito territorial de máis dunha oficina de emprego, poderá concentrar a tramitación de todas as ofertas na oficina a que lle correspondan máis postos de traballo ofertados.

Esta forma de selección desenvolverase do seguinte xeito:

1. A entidade beneficiaria achegará a oferta de emprego, xunto coa resolución de concesión da subvención, coa suficiente antelación para que a oficina de emprego poida tramitala (con carácter xeral, cunha antelación mínima de 15 días hábiles á data prevista para realizar as correspondentes contratacións).

A presentación da oferta efectuarase, necesariamente, a través dalgún dos seguintes medios telemáticos:

a. A través da Sede Electrónica da Xunta de Galicia (procedemento [PR004A](#)). Neste caso dirixirá a solicitude ao departamento territorial correspondente á súa provincia, especificando no asunto o motivo da dita solicitude (Oferta de emprego_Programas de cooperación) e a oficina de emprego de destino, á que o departamento reenviará a documentación a través do Rexel.

b. A través do correo electrónico, dirixido á oficina de emprego que vaia a realizar a selección.





2. Presentarase unha oferta por cada categoría profesional dentro de cada ocupación, que deberá responder á codificación prevista no Catálogo nacional de ocupacións –CNO– a catro díxitos.

Enlace: <https://emprego.xunta.gal/gl/buscador-de-ocupacions-mais-demandadas>

3. As ofertas non poderán conter elementos que poidan servir de base para calquera tipo de discriminación que non responda aos criterios preferenciais establecidos na convocatoria. En ningún caso, se poderá incluír nin admitir como criterio de emparellamento a posesión de experiencia laboral.

Poderán admitirse como criterios de emparellamento os relativos a titulación, formación e outro tipo de coñecementos, sempre que estean xustificadas no expediente de solicitude e sexan coherentes co proxecto presentado pola entidade.

4. O número de persoas candidatas que as oficinas de emprego proporcionarán por posto de traballo ás entidades beneficiarias será, sempre que sexa posible, non inferior a dúas nin superior a dez. A remisión de novas persoas candidatas só procederá cando a entidade xustifique documentalmente a súa necesidade, por incumprimento dos requisitos da oferta, por rexeitamento voluntario ou incomparecencia das persoas candidatas remitidas.

5. Terán preferencia, en todo caso, os colectivos con especiais dificultades de inserción laboral.

6. Realizada a selección definitiva por parte da entidade beneficiaria, esta deberá notificar o resultado á correspondente oficina de emprego.

7. No suposto de que a entidade beneficiaria non consiga cubrir algún dos postos de traballo concedidos, logo de comunicación á Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais, poderá substituílo por outro CNO dentro do mesmo grupo de cotización, ou dun grupo inferior ao inicialmente concedido, co conseguinte reaxuste da contía concedida, sempre que garde relación coa actividade que desenvolve a entidade e cos colectivos a que atende.

Neste caso, a selección levarase a cabo, preferentemente, a través dunha oferta de emprego específica presentada no Servicio Público de Emprego de Galicia.

8. Efectuada a selección das persoas traballadoras, a entidade beneficiaria contrataraas utilizando necesariamente a modalidade de contrato de traballo coas cláusulas específicas de contratos vinculados a programas de políticas activas de emprego (**códigos 405 ou 505**).





Os contratos deberán formalizarse no prazo e no termos establecidos na resolución de concesión da subvención e, en todo caso, como data límite o **10 de decembro de 2026**.

Excepcionalmente, cando concorran causas debidamente xustificadas, a Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais poderá autorizar o inicio dos servizos con posterioridade ao devandito prazo, logo de solicitude para o efecto da entidade beneficiaria.

B. Selección directa pola entidade beneficiaria, logo de publicación da listaxe de entidades beneficiarias no Portal de Emprego de Galicia:

1. O órgano xestor das axudas publicará, no Portal de Emprego de Galicia, todos os postos de traballo concedidos ás entidades beneficiarias, indicando os datos de contacto das devanditas entidades para a remisión das candidaturas por parte das persoas interesadas na oferta.

2. Recibidas as candidaturas, a entidade efectuará, de entre os candidatos presentados, a selección das persoas desempregadas que contratará para cada ocupación, cun estrito cumprimento dos requisitos establecidos nesta Orde de convocatoria e, nomeadamente, dos recollidos no artigo 16.

3. Realizada a selección para cada ocupación e, **con carácter previo á sinatura e formalización do contrato**, a entidade remitirá á oficina de emprego correspondente á localidade do centro de traballo¹, a seguinte documentación:

- a. Formulario de oferta cuberto e asinado, con indicación de que se trata dunha oferta de cooperación por selección directa.
- b. Datos identificativos das persoas seleccionadas (nome e apelidos, DNI/NIE).
- c. Copia da resolución de concesión.

4. A oficina de emprego comprobará o cumprimento dos requisitos esixidos e remitirá á entidade beneficiaria o código identificador da oferta, que deberá empregar obrigatoriamente na comunicación da contratación a través da aplicación Contrat@.

Cómpre salientar que o código identificador da oferta é imprescindible para a comunicación correcta destes contratos de traballo coas cláusulas específicas de contratos vinculados a programas de políticas activas de emprego (códigos 405 ou 505) na aplicación Contrat@, con independencia do procedemento de selección escollido.

¹ Cando unha entidade dispoña de centros de traballo que se correspondan co ámbito territorial de máis dunha oficina de emprego, poderá concentrar a tramitación de todas as ofertas na oficina a que lle correspondan máis postos de traballo ofertados.





Estas comunicacións entre entidade beneficiaria e oficina de emprego deberán facerse por algún dos seguintes medios:

a. A través da Sede Electrónica da Xunta de Galicia (procedemento [PR004A](#)). Neste caso dirixirá a solicitude ao departamento territorial correspondente á súa provincia, especificando no asunto o motivo da dita solicitude (Oferta de emprego_Programas de cooperación) e a oficina de emprego de destino, á que o departamento reenviará a documentación a través do Rexel.

b. A través do correo electrónico, dirixido á oficina de emprego que vaia a realizar a selección.

Pódese consultar o directorio de oficinas de emprego e os seus datos de contacto neste enlace: <https://emprego.xunta.gal/gl/demandantes/buscador-de-centros-e-oficinas>.

5. No suposto de que a entidade beneficiaria non consiga cubrir algún dos postos de traballo concedidos, logo de comunicación á Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais, poderá substituílo por outro CNO dentro do mesmo grupo de cotización, ou dun grupo inferior ao inicialmente concedido, co conseguinte reaxuste da contía concedida, sempre que garde relación coa actividade que desenvolve a entidade e cos colectivos a que atende.

Neste caso, a selección levarase a cabo, preferentemente, a través dunha oferta de emprego específica presentada no Servizo Público de Emprego de Galicia, segundo o establecido nesta instrución (apartado Segundo, letra A).

6. Efectuada a selección das persoas traballadoras, a entidade beneficiaria contrataraas utilizando necesariamente a modalidade de contrato de traballo coas cláusulas específicas de contratos vinculados a programas de políticas activas de emprego (códigos 405 ou 505).

7. A entidade deberá verificar o cumprimento dos requisitos de contratación da persoa candidata por selección directa.

Os contratos deberán formalizarse no prazo e no termos establecidos na resolución de concesión da subvención e, en todo caso, como data límite o 10 de decembro de 2026.

Excepcionalmente, cando concorran causas debidamente xustificadas, a Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais, poderá autorizar o inicio dos servizos con posterioridade ao devandito prazo, logo de solicitude para o efecto da entidade beneficiaria.



Terceiro - Substitución das persoas traballadoras contratadas.

De acordo co previsto no artigo 19.4 da convocatoria, tanto no caso de extinción como de substitución por suspensión do contrato ou por redución de xornada, a selección da nova persoa traballadora **deberá levarse a cabo segundo o procedemento e requisitos establecidos nos artigos 16 e 17 da Orde.**

No suposto de que o procedemento de selección empregado fose unha oferta de emprego, a entidade beneficiaria poderá contratar a algunha das persoas candidatas incluídas na devandita oferta inicial, e non seleccionadas, sempre e cando reúnan os requisitos esixidos no artigo 16 desa orde, e a oferta inicial siga vixente. Ou ben, presentar unha nova oferta de emprego que se regulará polo disposto na instrución Segunda, apartado A.

Se a entidade beneficiaria optou polo procedemento de selección directa, para a selección da praza da persoa substituída, deberá proceder á comunicación da substitución, con carácter previo á sinatura e formalización do contrato, de acordo co previsto na instrución Segunda, apartado B.

De non ter persoas candidatas dispoñibles, poderá achegar unha oferta de emprego a xestionar pola oficina de Emprego, que se regulará polo disposto nesta instrución (apartado Segundo, letra A).

Santiago de Compostela, na data da súa sinatura dixital

A secretaria xeral de Emprego e Relacións Laborais

Susana Pérez Iglesias

